

AER DENUNCIA O USO PARTIDISTA DOS CONSELLOS PARROQUIAIS POR PARTE DO PARTIDO POPULAR



Para a Agrupación de Electores de Redondela (AER) resulta incomprensible e unha desfachadez que o Partido Popular, a través do goberno local, pretenda empregar os consellos parroquiais para obter rédito partidista para as súas siglas. En tódalas primeiras convocatorias deste mandato, o Partido Popular a través do presidente/a do consello parroquial, adícase a culpar á oposición como a responsable de que este ano non se poidan executar os orzamentos participativos, sen explicar a situación real. Empregan o consello parroquial para malmeter, de xeito claro e insultante, para que os veciños reaccionen contra a oposición. O goberno local o que ten que facer nos consellos é informar e non desinformar. O pleno en maioría foi quen decidiu non aprobar que a partida para orzamentos participativos fose adiante ata que se realicen unha bases específicas. Ou sexa, a incompetencia do goberno local por non ter realizado o seu traballo despois de insistir e insistir dende a oposición que hai que mellorar o modelo de orzamentos participativos e que era preciso e urxente realizar unhas bases amplas, claras e obxetivas foi a causa desta situación.

De xeito claro o goberno local emprega este caso para facer política de ataque con premeditación, xa que o goberno comprometérase a convocar urxentemente unha xuntanza con tódolos grupos políticos para avanzar e desatascar esta situación. En vez de traballar, o goberno local preferiu quedarse quieto sen facer absolutamente nada e esperar a convocar os consellos parroquiais para cargar intencionadamente contra a oposición.

Ao respecto das obras asociadas aos orzamentos participativos, o Partido Popular non informa que “se lle peta” ao goberno local, ao ser os participativos centrados en investimentos, este podería facer o gasto das actuacións demandadas pola veciñanza en base ao orzamento xeral do concello, mesmo poderían aumentar a porcentaxe do investimento nas parroquias nun 2 ou 3%. Iso si, se lles peta.

Dende AER unha vez máis solicitamos que se inicie o proceso para realizar unhas bases específicas para os orzamentos participativos e non deixe esta responsabilidade no caixón, do mesmo xeito que o están facendo coa modificación do regulamento dos consellos parroquias, cuestión que o goberno obvia nas ordes do día da maioría dos consellos.

Pensamos que o Partido Popular ten algúns erros de concepto no referente aos consellos parroquiais e ao funcionamento que estes deben ter. Dende AER criticamos que o goberno local manteña esta actitude insultante cara aos veciños enganando, contando medias verdades e tentando manipular este órganos de participación cidadá ao igual que noutros casos tentaron facer. A Agrupación de Electores ve que pasados apenas 100 días de goberno, tanto os novos como os vellos concelleiros retoman malos vicios moi habituais na historia política de Redondela.

Redondela, 11 de outubro de 2015